

VALORES		EXEMPLOS
INDICATIVO		
Presente	-Simultaneidade ó discurso -Habitual -Histórico -Futuro -Imperativo	Vivo <i>en Vigo</i> ; Vou <i>ó cine os domingos</i> ; <i>En 1975</i> morre Franco; <i>Mañá</i> traio <i>as fotocopias</i> ; Recolles <i>o correo e tráelo</i> ;
Pretérito (perfecto)	-Anterioridade (acción rematada) -Anterioridade ó futuro -Imperativo	Rematei <i>o traballo</i> ; <i>Cando cheguen xa</i> acabei <i>Xa te fuches</i>
Futuro	-Posterioridade ó presente -Imperativo -Probabilidade -Cortesía (en peticións)	Chegaremos <i>tarde</i> <i>Non</i> matarás; Costará <i>uns 100 euros</i> ; <i>¿Terás un cigarro?</i>
Copretérito (imperf.)	-Simultaneidade ó pasado -Habitual no pasado -Narrativo -Posterioridade ó pasado -Cortesía (en peticións)	<i>Daquela</i> levábanse <i>as saias longas</i> <i>Miña nai</i> preparábame <i>o almorzo todos os días</i> ; <i>Facía un día precioso e lucía o sol</i> ; <i>Díxome que saía ó día seguinte</i> ; <i>Podías axudarme cos deberes á tarde</i> ;
Antepretérito (plusc.)	-Anterioridade ó pasado -Modal (desexo, petición cortés...) -Imperativo no pasado (non realizado)	<i>Cando chamaches, eu aínda non chegara</i> ; <i>Quixera saír antes, se pode ser</i> ; <i>¿Non as trouxeches? Trouxéralas!</i>
Pospretérito (fut.hip.)	-Posterioridade ó pasado -Probabilidade -Cortesía	<i>Pensei que chegarías máis tarde</i> Costaría <i>uns 50 euros</i> ; <i>Quería saír un pouco antes, se pode ser</i> ;
SUBXUNTIVO		
Presente	-Simultaneidade ó discurso -Posterioridade ó discurso -Imperativo	<i>¡Que teñas sorte!</i> <i>Non creo que chegue a tempo</i> Espere <i>un momento</i>
Pretérito (imperf.)	-Simultaneidade ó pasado -Anterioridade ó pasado -Posterioridade ó pasado	<i>Quixo que o esperasen</i> ; <i>Non quería dicir que o fixese á mantenta (= tivese feito)</i> <i>Se che tocasse a lotería, levábasme contigo</i>
Futuro	-Irreal ou hipotético con valor de futuro	<i>Como sementares e estercares, así collerás cando segares.</i>